

**Resolución do 25 de maio de 2020, da Dirección Xeral de Xustiza, pola que, dando traslado ao ámbito da Administración de xustiza da Comunidade Autónoma de Galicia da Orde JUS/430/2020, do 22 de maio, se determina a fase 2 do Plan de desescalada.**

O pasado 9 de maio o *Boletín Oficial del Estado* publicou a Orde JUS/394/2020, do 8 de maio, pola que se aproba o Esquema de seguridade laboral e o Plan de desescalada para a Administración de xustiza ante a COVID-19, logo do Real decreto lei 16/2020, do 28 de abril, de medidas procesuais e organizativas para facer fronte á COVID-19 no ámbito da Administración de xustiza.

Na dita orde establecíase un plan de desescalada en catro fases, e concretamente a fase 2, cuxo obxectivo é a preparación para a reactivación dos prazos procesuais, determínase cunha nova orde, a Orde JUS/430/2020, do 22 de maio de 2020, que desenvolve que debe acudir a cada centro de traballo entre o 60-70% dos efectivos que presten servizos neles.

Compete, pois, adaptar á nosa Comunidade Autónoma a fase 2 da desescalada, sempre en execución da coordinación que lle corresponde ao ministro de Xustiza sobre a actividade profesional dos membros dos corpos de funcionarios regulados no libro VI da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial, en todo o territorio do Estado.

Por todo o dito, e en atención á mencionada Orde JUS/430/2020, nos órganos xudiciais e fiscais da Comunidade Autónoma de Galicia a fase 2 da desescalada rexeráse, con efectos do 26 de maio de 2020, polos seguintes criterios:

### **1. Presenza do persoal.**

Os xulgados e fiscalías en servizo de garda deberán contar con toda a dotación do persoal que preste o servizo de garda para atender debidamente o servizo.

O persoal destinado no Rexistro Civil deberá asistir na súa totalidade cando o letrado da Administración de xustiza responsable considere que é imprescindible para a correcta prestación do servizo.

O persoal adscrito ás gardas dos equipos técnicos de menores e os auxiliares de autopsia deberán seguir prestando os seus servizos ao 100%.

Nos demais órganos xudiciais e fiscais, así como no Instituto de Medicina Legal de Galicia (Imelga), e atendendo á natureza e necesidades dos mesmos, nesta segunda fase acudirá de forma presencial entre un 60 e un 70% dos efectivos dos corpos de



xestión, tramitación e auxilio xudicial que presten servizos en cada órgano ou servizo, de acordo coa táboa anexa á presente resolución.

A cobertura dos postos de traballo nos distintos órganos realizarase mediante quendas rotatorias diarias entre os funcionarios de cada órgano, nas que preferentemente se atenderá ao criterio de voluntariedade. Na súa falla, os funcionarios das distintas quendas serán designados polos fiscais xefe, letrados da Administración de xustiza ou directora do Imelga.

O persoal que non se encontre prestando servizos presenciais estará á disposición da súa unidade funcional, para o cal deberá estar dispoñible e plenamente localizable durante toda a xornada laboral.

## **2. Quendas de mañá e tarde.**

Estableceranse quendas de tarde cando o número de funcionarios que acuda a cubrir a quenda de traballo impida garantir o mantemento das medidas de seguridade nas condicións previstas no anexo III da Orde JUS/394/2020, do 8 de maio.

Polo que se refire aos servizos de actos de comunicación e execución, dada a natureza da súa actividade, así como a preeminencia das comunicacións telemáticas, durante esta fase 2 os seus superiores funcionais deberán organizar a asistencia dos funcionarios de forma graduada a fin de evitar a coincidencia presencial da total dotación determinada pola presente resolución, sempre que así sexa preciso por non se poderen garantir as distancias ou por non se dispoñer das barreiras físicas mencionadas no parágrafo anterior.

As fiscalías provinciais e de área, a través dos seus superiores funcionais, poderán establecer as quendas mediante unha distribución que teña en conta o persoal en teletraballo, de tal xeito que ata o 50% do persoal determinado nesta resolución ao que non lle corresponda servizo de garda poderá prestar o seu traballo a través desta modalidade, e o outro 50% de forma presencial.

## **3. Procedemento de revisión da presenza por razóns do servizo.**

Os responsables funcionais dos órganos ou servizos (fiscais xefe, letrados da Administración de xustiza ou subdirectores do Imelga) poderán acordar así mesmo a presenza dunha porcentaxe de persoal superior á indicada cando así estea xustificado por necesidades do servizo, sempre tras autorización previa da Dirección Xeral de Xustiza.



A solicitude para o efecto seralle comunicada á Dirección Xeral de Xustiza a través do responsable superior correspondente (secretaria de Goberno, fiscal superior ou directora do Imelga).

Non se poderá autorizar esta mellora cando sexa incompatible cos criterios de saúde laboral sobre ocupación dos espazos.

#### 4. Exclusión formal de participación en quendas.

Exclúese da participación nas quendas presenciais:

a) **O persoal que teña recoñecido o permiso por deber inescusable por patoloxías susceptibles de agravarse por efecto da Covid-19**, en tanto o servizo de prevención non verifique en que condicións pode prestar servizos en situación de seguridade.

O persoal incurso nesta causa de exención deberá acreditar no prazo de dous días dende a publicación desta resolución, ante o respectivo servizo de persoal de xustiza, que presentou a correspondente solicitude de avaliación da súa situación por parte do servizo de prevención, requisito imprescindible para que se lle autorice o correspondente permiso durante a presente fase de desescalada. O permiso concederáse con carácter provisional, sempre que quede acreditada a presentación da dita solicitude, en tanto o mencionado servizo non emita o correspondente informe.

b) **O persoal que teña recoñecidos permisos por razón de deber inescusable**, que non poida flexibilizar o seu horario de traballo ou que non poida desenvolver a súa actividade ordinaria na modalidade de teletraballo. O referido permiso, nesta fase 2 da desescalada, afecta aos empregados:

- Con fillos menores de 14 anos que convivan co funcionario, ou a aqueles cuxo exercicio da garda ou custodia lles impida a normal participación nas quendas presenciais.

A referida circunstancia xustificárase no prazo de dous días dende a publicación da presente resolución mediante fotocopia do libro de familia e volante de empadramento onde conste a convivencia. Este volante poderase substituír por declaración responsable.

- Con persoas maiores de 14 anos dependentes ao seu cargo que necesiten atención para realizar actividades básicas da vida diaria.



A referida circunstancia xustificárase no prazo de dous días dende a publicación da presente resolución mediante documento expedido polo organismo competente no cal conste a situación de dependencia ou peche do centro no cal estaba a recibir atención a persoa dependente.

O persoal que solicite permiso por deber inescusable deberá achegar unha declaración responsable en que se indique que non hai outra persoa que se poida facer cargo do seu coidado. No suposto de que ambos os proxenitores ou responsables dos menores, ou dos maiores de 14 anos dependentes, teñan a condición de empregados públicos, só un deles poderá facer uso deste permiso, debendo facer constar na declaración a dita circunstancia.

Os permisos por deber inescusable concedidos nas fases anteriores enténdense prorrogados ata o día 25 de maio. Dende esa data, o persoal deberá solicitar o novo permiso a través da OPAX.

#### **5. Realización de funcións mediante teletraballo.**

Os funcionarios voluntariamente acollidos á modalidade de teletraballo participarán nas quendas presenciais cando sexa imprescindible para completar as porcentaxes de prestación de servizos en réxime presencial.

#### **6. Xornada diaria de traballo.**

Nesta fase 2, con carácter xeral, a xornada diaria de traballo comprenderá seis horas continuadas de presenza efectiva entre as 7:30 h e as 15:00 h, respectándose en todo caso o horario de audiencia pública, e coas especialidades correspondentes ao servizo de garda e Rexistro Civil.

#### **7. Entrada en vigor.**

A presente resolución entrará en vigor o 26 de maio de 2020.

Santiago de Compostela, 25 de maio de 2020

O director xeral de Xustiza

Juan José Martín Álvarez

